## **2. Situación urbanística**

*Que a parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, publicado no BOP de 11 de abril de 2001 como **SOLO DE NUCLEO RURAL (SNR)** a desenvolver segundo a ordenanza de aplicación que ven recollida nas seccións primeira a quinta do capítulo I do título IX, artigos 193 ó 214, e sección segunda do capítulo III do mesmo título, artigos 260 ó 263.*

*A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.c) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Rabadumia, non contén co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais aplicaráselle integramente o disposto no plan respectivo...", no noso caso o P.X.O.M. vixente.*

*É de aplicación o establecido no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición:*

*O peche de 18.00 ml e 2 m. de altura terá que manter un retranqueo mínimo de 4,00 m ao eixo da rúa que finaliza na entrada da leira, dadas as características e importancia da mesma.*

*Posto que neste caso propónse o peche de mampostería de pedra cumpre cos requisitos dá lei en canto a materiais a empregar, así como, as condicións de altura.*

*Se polas características dos traballos estiveran dentro dúas supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*

**Polo exposto emítese INFORME FAVORABLE para a concesión dá licenza solicitada.**



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dá súa concesión e se non rematan antes de 2 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JAVIER LORENZO MARTINEZ**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa da Bouza, nº 6, na parroquia de Besomaño, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras para **“Peche parcial de leira con muro de cachotería”**, sito no lugar do seu domicilio e de acordo co informe do Arquitecto.

**Expkt. 131/16.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. LUIS RODRÍGUEZ Balsa**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. Caponiñas, nº 14, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para levar a cabo as obras para **“Reforma parcial de peche con muro de cachotería”**, sito no lugar do seu domicilio e que se corresponde coa Ref. Catastral 8445204NH1084N0001YS.

Visto o informe emitido polo Sr. Diéguez Pazos, Arquitecto Asesor deste Concello, no que consta o seguinte: **“1.Obras solicitadas**

*Reforma de peche lateral de leira con muro de mampostería de 1.50 metros de altura e unha lonxitude de 15.00 metros lineais.*

*Achega xustificante de ingreso do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras que ascende á cifra de 1.350.00 euros.*

## **2. Situación urbanística**

*Que a parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, publicado no BOP de 11 de abril de 2001 como **SOLO DE NUCLEO RURAL (SNR)** a desenvolver segundo a ordenanza de aplicación que ven recollida nas seccións primeira a quinta do capítulo I do título IX, artigos 193 ó 214, e sección segunda do capítulo III do mesmo título, artigos 260 ó 263.*

*A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.c) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, “Ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais aplicaráselle integramente o disposto no plan respectivo...”, no noso caso o P.X.O.M. vixente.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*É de aplicación o establecido no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición:*

*O peche de 15.00 ml e 1.50 m. de altura constitúe o peche lateral da leira, sen afectar ao viario ao que dá fronte, para substituír parte do vello muro de bloque de formigón reformándoo por outro de mampostería de pedra natural. Posto que neste caso propónse o peche de mampostería de pedra cumpre cos requisitos da lei en canto a materiais a empregar, así como, as condicións de altura que regula a Ordenanza de PXOM.*

*Se polas características dos traballos estiveran dentro dúas supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*

***Polo exposto emítase INFORME FAVORABLE para a concesión da licenza solicitada.***

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses da súa concesión e se non rematan antes de 2 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **D. LUIS RODRÍGUEZ Balsa**, con domicilio a efectos de notificación na Avda. Caponiñas, nº 14, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras para **“Reforma parcial de peche con muro de cachotería”**, sito no lugar do seu domicilio e de acordo co informe do Arquitecto.

**Expkt. 132/16.-** Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. XESUS ALFONSO LAYA**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa San Roque, nº 2 - 2ºB, sita no Concello de Cambados, polo que solicita autorización para levar a cabo as obras para **“Construción de vivenda unifamiliar”**, no lugar de Cunchidos, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia e que se corresponde coa Ref. Catastral 8859820NH1085N0001TY.

Visto o informe emitido polo Sr. Diéguez Pazos, Arquitecto Asesor deste Concello, no que consta o seguinte: **“1. Situación urbanística**

*A parcela na que se pretende levar a cabo a construción está calificada como SOLO DE NÚCLEO RURAL polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*de 2001. Que a ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo II do Título VIII de dito PXOM, artigos 185 ó 192.*

*A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.c) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Rabadumia, non conten co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó **solo incluído nos ámbitos dos núcleos rurais,...**, aplicaráselle **integramente o disposto no planeamento respectivo (PXOM vigente)**, salvo no que se refire as edificacións tradicionais existentes".*

*A parcela conta con acceso rodado de uso público, pero non ten conexión aos servizos urbanísticos de rede de sumidoiros e abastecemento de auga.*

*Os retranqueos do muro de peche da leira na súa fronte ao viario, e da edificación veñen regulados polas condicións do acordo plenario do 2 de Xullo de 2.001, remitido entón á Subdirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, polo cal e por unanimidade da Corporación Municipal aprobáronse os erros detectados polo Técnico Municipal en canto ás aliñacións dos muros de peche definitivos das parcelas para todo tipo de solos.*

## **2. Documentación achegada**

*10.06.2016*

- *Proxecto Básico de Vivenda unifamiliar redactado pola arquitecta Dna. Paula Alfonso Laya, sen visado colexial*

• *22.07.2016*

- *Proxecto de execución redactado pola arquitecta citada, visado con data 18/07/2016.*
- *Cuestionario de Estatística de edificación e vivenda, sen firmas nin visado colexial.*
- *Oficio de Dirección de obras dá arquitecta, remitido por correo electrónico e visado ou 29/07/2.016.*

• *10.11.2016*

- *Cuestionario de Estatística de edificación e vivenda, con visado colexial de 9/11/2016.*
- *Oficio de Coordinador de Seguridade e Saúde, suscrito por D. José Ramón Vallejo Sueiro.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- *Oficio de Dirección de ejecución de obra suscrito polo Arquitecto Técnico D. José Ramón Vallejo Sueiro.*
- *Memoria e planos das instalacións de abastecemento de auga e rede de saneamento para completar os servizos da parcela.*
- *Escrito de cesión de terreos afectados pola aliñación a vía pública.*
- *Xustificante ingreso do Imposto de Construcións (ICIO) por importe de 3.653.91 €*

### **3. Viabilidade das obras. Cumprimento do P.X.O.M.**

	<i>P.X.OM.</i>	<i>PROXECTO</i>	
<i>USO</i>	<i>Residencial – Vivienda tipo A</i>	<i>Vivienda unifamiliar edif. exclusivo</i>	<i>CUMPRE</i>
<i>ALIÑACIONES</i>	<i>Peche de leira – 5 m. do eixo de camiño</i>	<i>A 5 m. do eixo do camiño</i>	<i>CUMPRE</i>
<i>TIPOLOXÍA</i>	<i>Edificación aillada ou adosada</i>	<i>Edificación aillada</i>	<i>CUMPRE</i>
<i>EDIFICABILIDADE</i>	<i>1 m2/m2</i>	<i>0,16 m2/m2</i>	<i>CUMPRE</i>
<i>ALTURA MÁXIMA</i>	<i>Baixa + 1 con 7 m. a cornisa</i>	<i>Baixo + 1 con 5,54 a cornisa</i>	<i>CUMPRE</i>
<i>PENDENTE MAXIMA DA CUBERTA</i>	<i>30º</i>	<i>18º</i>	<i>CUMPRE</i>
<i>OCUPACIÓN DE PARCELA</i>	<i>50%</i>	<i>10.35%</i>	<i>CUMPRE</i>
<i>RETRANQUEOS</i>	<i>3 m. a lindeiros e 8 m. a eixo do camiño</i>	<i>7 a linderos y 36.50 a eixo</i>	<i>CUMPRE</i>
<i>PARCELA MINIMA</i>	<i>600 m2</i>	<i>2.140 m2</i>	<i>CUMPRE</i>
<i>FRENTE MINIMO</i>	<i>8 m.</i>	<i>36.52 m.</i>	<i>CUMPRE</i>
<i>CONDICIONS ESTÉTICAS</i>	<i>PEDRA NATURAL EN CERRAMENTOS E TELLA CERÁMICA DE COR ROXIZA</i>	<i>PEDRA COMO MATERIAL PREDOMINANTE EN FACHADAS E TELLAS CERÁMICA VERMELLA</i>	<i>CUMPRE</i>
<i>PRAZAS APARCAMENTO</i>	<i>1 Praza por vivenda</i>	<i>3 prazas de aparcamento no garaxe</i>	<i>CUMPRE</i>

*Observacions*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*ALINEACIONES DO PECHE DÁ LEIRA - O Proxecto describe a existencia dun muro de peche da leira que se sitúa a 4 metros do eixo do camiño e que conta cunha entrada en pendente cara ao interior da leira, que terá que demoler, e no novo plano (MPBE03A\_MURB 03A) sitúa o peche a 5 m. do eixo do camiño, polo que cumpre cos parámetros do P.X.O.M. ( para a demolición e construción do novo muro terá que solicitar nova licenza por no constar no presente proxecto).*

*CONEXIÓN DE SERVIZOS - No proxecto se resolven os servizos urbanísticos por medio de pozo de barrena e fosa séptica, de tal forma que a instalación poida conectarse á futura rede de servizos no viario.*

*CESIÓN DE TERREO - Aportase escrito de cesión de terreos (57.93 m2) afectados pola aliñación a vía pública.*

*En consecuencia, o proxecto presentado cumpre cos requisitos establecidos no PXOM e demais normativa que lle afecta polo que se emite INFORME FAVORABLE para a concesión da licenza de construción de vivenda unifamiliar illada a D. Xesús Alfonso Laya.*

*Ó principia-las obras deberá colocarse en lugar visible un cartel cos seguintes datos: Promotor/a, Técnico redactor/a, Técnico director/a da obra, Técnico director da execución e Técnico coordinador da execución da seguridade e saúde, Contratista, Nº de licenza e data da súa concesión (art. 71 do PXOM).*

*A licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses da súa concesión e se non rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a seis meses (artigo 145 Lei 2/2016 do Solo de Galicia).*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licenza urbanística á **D. XESUS ALFONSO LAYA**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa San Roque, nº 2 - 2ºB, sita no Concello de Cambados, para levar a cabo as obras para "**Construcción de vivenda unifamiliar**", sita no lugar de Cunchidos, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

**2º.1- LICENCIAS DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.-** Sométese á consideración da Xunta de Goberno as solicitudes de Licencias de funcionamento e apertura que se relacionan a continuación, concedéndose as devanditas licencias,



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

**Expdt. AC 09/16.-** Dase conta da visita de comprobación realizada con obxecto de obter "**Informe favorable para a comunicación previa da apertura e funcionamento da actividade como vivenda turística**" presentada en nome de **D. RAFAEL CORES SINEIRO**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa A Torre, nº 14, na parroquia de Barrantes, no Concello de Ribadumia, na que comunica o inicio de actividade de **VIVENDA TURÍSTICA** a levar a cabo no Lugar de A Torre, s/n, na parroquia de Barrantes, no Concello de Ribadumia e que corresponden coa referencia catastral 9970206NH1097S0001IY.

Visto o informe emitido polo Sr. Urdampilleta Barreiro, Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte: "**ANTECEDENTES:**

- *A actividade foi autorizada pola Xunta de Goberno Local do 30 de Agosto de 2.016, no expediente AC09/16 para o inicio de actividade.*

***INFORMO:***

*Que se realiza a visita de comprobación, segundo establece no expediente da comunicación previa de actividade e o que dictamina o artigo 29 Actuacións de comprobación, da lei 9/2.013 do 10 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*

*Visita de comprobación:*

*Que o día 09 de novembro de 2.016 fixen visita de comprobación coa finalidade de verificar que a edificación se corresponde coa que se aporta a comunicación previa de inicio de actividade como VIVENDA TURÍSTICA e que ven asinada polo arquitecto Técnico D. Joaquín Lustres Carregal, colexiado 306 deo COAATIE de Pontevedra.*

*Na visita comprobei os seguintes feitos:*

- *A distribución e dimensións do edificio coinciden coa que figura no proxecto do aportado no expediente polo arquitecto Técnico D. Joaquín Lustres Carregal.*
- *Que dispón das instalacións de protección contra incendios que figuran no proxecto.*

*Deberá inscribir a edificación no rexistro*

*En cumprimento do establecido no apartado e do artigo 39.- condicións xerais das edificacións en solo rústico, da lei 2/2.016 do 10 de febreiro, fará constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible a construción e uso*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ol uso e edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou autorización autonómica”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda:  
1º.- Darse por enterada da visita de comprobación realizada con obxecto de comprobar a adecuación á comunicación previa de inicio de actividade presentada por **D. RAFAEL CORES SINEIRO**, na que comunica o inicio de actividade de **VIVENDA TURÍSTICA** a levar a cabo no Lugar de a A Torre, s/n, na parroquia de Barrantes, no Concello de Ribadumia, así como do informe do Técnico Municipal emitido, prestando autorización para o exercicio e funcionamento de dita actividade.

**Expdt. AC11/16.-** Dase conta da comunicación previa presentada en nome de **D. JACOBO NÚÑEZ MARTÍNEZ**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Albán, nº 10, na parroquia de Ribadumia, no Concello de Ribadumia, na que comunica o inicio de actividade de **VENTA E REPARACIÓN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA** a levar a cabo no Lugar de Albán, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia e que corresponden coa referencia catastral 36046A006004300000YL.

Visto o informe emitido polo Sr. Diéguez Pazos, Arquitecto Asesor deste Concello, no que consta o seguinte: “**1. Documentación achegada**

- *Instancia de Comunicación Previa para a actividade de VENDA E REPARACIÓN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA.*
- *Escrito onde o petionario enumera a documentación que adxunta.*
- *Copia do D.N.I. do petionario.*
- *Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental sobre aprobación do informe de Situación.*
- *Notificación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da inscrición no Rexistro de Instalacións de Protección Contra incendios do establecemento co número PCI-36-00679.*
- *Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da inscrición no Rexistro de Instalacións Industriais de Galicia do establecemento co número 36/031783 na actividade 452-Mantemento e reparación de vehículos de motor.*
- *Resolución da Consellería de Medio Ambiente pola que se acorda inscribir ao empresario no Rexistro Xeral de Produtores e xestores de Residuos de Galicia como pequeno produtor de residuos perigosos co número PO-RP-P-PP-00160.*
- *Certificado do Censo de Actividades económicas en conforme o petionario está dado de alta nas actividades con epígrafe IAE-654.5 e IAE-692, de mantemento e reparación de maquinaria industrial.*





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- *Contrato de arrendamento do local comercial nº 2.*
- *Proxecto da actividade para venda de produtos agrícolas e reparación de maquinaria agrícola, subscrito polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Óscar Díaz Montero, colexiado nº 2389, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Santiago de Compostela, ao que engade certificado para explicar que "cando menciona produtos agrícolas refírese a todo tipo de maquinaria agrícola".*
- *O Proxecto inclúe Certificado de Seguridade e solidez das edificacións, xustificación do CTE, Memoria, fotografías do estado actual e planos das edificacións e instalacións.*
- *Xustificante do ingreso da taxa municipal en concepto de Licenza de Actividade.*

## **2. Situación urbanística**

*As parcelas sobre as que están construídas as edificacións do establecemento están incluídas na delimitación de Chan Núcleo Rural de Albán, na parroquia de Ribadumia.*

*A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro na súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo incluído nos ámbitos dos núcleos rurais,..., aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo (PXOM vixente), salvo no que se refire as edificacións tradicionais existentes".*

*Non achega licenza de construción das edificacións, non obstante no catastro consta que foron construídas nos anos 1.977 e 1.984, e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a leira, expediente de infracción urbanística.*

*No proxecto maniféstase que as edificacións teñen unha antigüedad superior a 6 anos e que a súa situación é de Fóra de Ordenación, dando a entender que nunca existiu proxecto ou licenza municipal para construír as edificacións.*

*Xustifícase que o proxecto cumpre co artigo 131 do PXOM en canto a que a súa superficie é inferior a 100 m<sup>2</sup> (78.11) e que se habilita un espazo para 6 prazas de garaxe. O establecemento encádrase na clasificación E) do artigo 121 do PXOM dentro do uso denominado "garaxe-aparcadoiro" que inclúe tanto a estancia, garda ou reparación de vehículos.*

*En resumo, o proxecto **cumpre** coas condicións de uso e volumen que fixa o **PXOM** para este tipo e escala das instalacións propostas.*

## **3. Cumprimento doutras normativas**

*O proxecto xustifica o cumprimento da normativa seguinte:*

- *Decreto 70/2011 en canto ao tipo de taller, rama de actividade e funcións das instalacións*
- *Regulamento de Seguridade contra incendios nos establecementos industriais, R. Decreto 2267/2004, do 3 de Decembro para unha instalación con Nivel de Risco Intrínseco BAIXO 1.*
- *Código Técnico da edificación, documento básico DB-SUA.*
- *Certificado Técnico de Seguridade e Solidez das edificacións por canto os seus elementos construtivos reúnen os requisitos necesarios para a súa utilización e desempeño da actividade proposta.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

#### **4. Visita de comprobación**

*No día de hoxe, 1 de Decembro, virei visita ao establecemento con obxecto de comprobar o estado da edificación, observando que mantén e responde exactamente ó proxecto, atopándose en condicións para o desenvolvemento da actividade como Local destinado á venda e reparación de maquinaria agrícola, polo que se levantou Acta de comprobación sen observacións.*

*Polo exposto, á vista da documentación presentada, emítese **INFORME FAVORABLE** para o desenvolvemento da actividade de **VENTA E REPARACIÓN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA**".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda:  
1º.- Darse por enterada da comunicación previa presentada por **D. JACOBO NÚÑEZ MARTÍNEZ**, na que comunica o inicio de actividade de **VENTA E REPARACIÓN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA** a levar a cabo no Lugar de Albán, na parroquia de Ribadumia, no Concello de Ribadumia, así como do informe do Arquitecto emitido, prestando autorización para o exercicio de dita actividade.

### **3º.- OUTRAS LICENCIAS.-**

**3º.1.- AUTORIZACIÓN DE VADO (Lic. Nº 1).**-Visto o expediente que se tramita a instancia de DNA. ELENA CORES REY, en representación de **PAZO DE BARRANTES, S.A** con domicilio a efectos de notificación no lugar de Finca Pazo de Barrantes, s/n, parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia polo que solicita autorización para "**Vado de 12,00 m. no fronte do acceso o pazo e bodegas**", sita no lugar do seu domicilio, Ref. Catastr. 36046F50620927 e 36046F50610927.

Visto o informe emitido polo Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello no que consta que: "*Que o inmovible vivenda esta situada segundo o PXOM en SOLO RUSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SR-P7.*

*Que na parcela existe ademais da plantación de viño, un pazo e unha bodega que requiren o acceso de vehículos o interior. O vial que proxecta o PXOM e 10,00 m, non obstante por tratarse dunha estrada da Deputación Provincial, o ancho e superior, dispoñendo dunha zona de aparcamento no arcén do lado do Pazo que os vehículos que utilizan para aparcar e que impiden a manobra e o acceso a parcela do interesado.*

*Aporta informe emitido polo Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial de*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*fecha 23/09/2.016, no que da resposta a solicitude formulada polo interesado, por atoparse dentro da zona de afección da estrada EP9305, no indica que o trámite de solicitude de vado e competencia municipal.*

*Dende o punto de vista técnico o VADO ten sentido na zona do portal de acceso en un ancho duns 12 m.*

*As obras deberán respetar as seguintes características:*

- Execución de caja e retirada do pavimento acutal na superficie que ocupa a saída do garaxe.*
- A súa base será de formigón armado de 20 cm de espesor e asentada sobre terreo compactado.*
- O acabado será de tacos de granito de 10 x 10 x 10 cm sen xunta e acabado aserrado pola cara superior. Nos bordes se colocará un bordillo de pedra, perpendicular a aliñación da calle que sinalará a dirección da saída.*
- O remate coa calzada se executará en pendente, cun bordillo de pedra ou formigón de 30 x 20 cm e rematado con pendente para suavizar o encontro entre a beirarrúa e o asfalto.*
- Os elementos afectados, tales como arquetas, acometidas, báculos, baixantes, etc. deberán quedar integrados harmoniosa e axeitadamente no pavimento.*
- No exterior da fachada se disporá dunha sinal indicando a existencia dun vado e unha copia da autorización municipal.*

*Emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión da autorización de vado, sempre e cando se cumpran as condicións deste informe e as establecidas no concello para o mesmos e se abonen as taxas que procedan".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder autorización para VADO a favor de **PAZO DE BARRANTES, S.A**, no fronte do acceso o pazo e bodegas sitos no lugar de Finca Pazo de Barrantes, s/n, parroquia de Barrantes, no Concello de Ribadumia e de acordo co informe do técnico municipal, có número 1/16.

#### **4º.- DEVOLUCIÓN DE TAXAS DE AUGA E SANEAMENTO POR NON PROCEDENCIA DA CONEXIÓN.-**

Vista a solicitude presentada por **D. ADOLFO FARIÑA FERNÁNDEZ**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Rochela nº 24, no Concello de Meis,



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

na que expón que tras recibir comunicación do Concello de Ribadumia de que no trasteiro da súa propiedade sito no Edificio Sorolla IV, postal nº 5, trasteiro s/n, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, non se pode levar a cabo a conexión a rede de auga de traída municipal e a rede de sumidoiros, e polo cal, solicita se proceda a devolución das taxas aboadas por estes conceptos.

Visto o informe emitido polo Sr. Diéguez Pazos, Arquitecto Asesor deste Concello, no que consta o seguinte: *"Con data 13 de Outubro pasado redactei informe respecto das irregularidades do caso da solicitude de ALTA no servizo de auga e rede de sumidoiros, presentada polo Sr. Fariña o pasado día 4 de Outubro, realizada para "UN PISO en Rúa Espadeiro nº 5, portal 2, Porta B", cando se trataba dun trasteiro situado no baixo cuberta do edificio.*

*Advertida a propiedade sobre a imposibilidade de tal Alta e pasada inspección á leira, Edificio Sorolla IV, postal nº 5, constátase que non está instalado o contador e a conexión xa foi precintada polo Concello.*

*Por todo iso procede a devolución das taxas abonadas por un importe de 150.25€ da auga e 150.25€ de sumidoiros".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Que se proceda á devolución a **D. ADOLFO FARIÑA FERNÁNDEZ**, do importe de 150,25 € en concepto de taxa de auga e 150,25 € en concepto de taxa de saneamento.

#### **5º.- INFORME DO DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS SOBRE EMERXENCIA SOCIAL (EXPTE. 3/2016).-**

Dase conta do Informe emitido pola Traballadora Social dos Servizos Sociais Comunitarios de data 02 de decembro de 2016, no que informa que *"unha vez estudada a situación socio familiar de Vasilka Ivanova Aleksieva (nº de expediente 3/2016), con NIE X8764888W, considerase procedente a aprobación dunha axuda económica de emerxencia social, por un importe total de 1.296,16€ co fin de pagar as débedas de aluguer e luz. Os datos que avala na situación de precariedade económica constan no expediente aberto no departamento de servizos sociais".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda: Aprobar a axuda de emerxencia social proposta pola Traballadora Social, por un importe de 1.296,16 € para facer fronte ós pagos de débedas de aluguer e luz do titular do expediente nº 3/16 de emerxencia social.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## **6º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CAMBADOS, MEIS, RIBADUMIA E VILAGARCÍA DE AROUSA PARA ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS.**

Dase conta do Convenio de colaboración entre os Concellos de Cambados, Meis, Ribadumia e Vilagarcía de Aouda para realizar actividades de prevención de drogodependencias e conductas adictivas nos seguintes ámbitos de actuación:

- Programa no ámbito escolar
- Programa no ámbito familiar
- Programa no ámbito xuvenil
- Programa no ámbito laboral
- Programa de prevención en clave de xénero
- Actividades transversais de soporte aos programas de prevención

Que para poder manter as actividades de prevención de drogodependencia é preciso que os Concellos que participan colaboren cos gastos que as mesmas orixinan.

A aportación correspondente ao Concello de Ribadumia para as actividades de prevención da drogodependencia ascenden a 2.800 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:  
1º.- Aprobar o gasto correspondente, por importe de 2.800 euros/anuais.

## **7º.- XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN B.A.T.A.**

Tendo en conta que o Concello de Ribadumia asinou coa Asociación B.A.T.A. un convenio para o fomento de emprego e integración das persoas con discapacidade psíquica para realizar obras e / ou servizos de limpeza, mantemento e conservación de espazos naturais de uso público no entorno do Concello de Ribadumia, e polo cal se concedeu unha subvención de 6.726,69 € dáse conta da documentación presentada, xustificativa das actividades e gastos xustificativos do convenio asinado correspondentes ó período Marzo a Setembro do ano 2016.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada da xustificación presentada, e



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

por unanimidade dos Sres. asistentes acorda prestarlle a súa aprobación e ordealo-gasto correspondente.

### **8º.- PRESUPUESTO PARA ASESORAMIENTO TÉCNICO DE XESTIÓN ENERXÉTICA, USO E SOPORTE DE XESTIÓN ENERXÉTICA 2016-2017.-**

Dase conta de que tense detectado que existen deficiencias nos subministros eléctricos dos alumeados públicos e das instalacións municipais e erros nas facturacións dos mesmos e dada a complexidade e especificación do asunto e a fin de obter o maior aforro posible considérase conveniente a contratación dunha empresa para levar a cabo a revisión da facturación eléctrica dos subministros de tódalas instalacións municipais e polo cal se levarían a cabo tódos os traballos de revisión, de analizar as posibles existencias de penalizacións por contratacións de potencia inadecuadas, realizar as reclamacións dos posibles erros detectados e comprobación de que se realicen as actuacións solicitadas e se proceda ó recoñecemento da devolución.-

Dase conta do orzamento presentado pola mercarantil COENEF (Antonio Capelo García), que ascende a un importe de dous mil euros, máis IVE (o que representa un total de 2.420,00 euros) pola fase de implantación dos traballos (que comprenderán un período de catro meses) e pola fase de mantemento e mellora continua un total de 225,00 euros/mes, máis IVE, durante un período inicial de oito meses.

A Xunta de Goberno Local acorda prestarlle aprobación ó devandito orzamento.

### **9º.- OUTROS ASUNTOS.-**

#### **9º.1.- CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL.-**

Dase conta das bases para o XIV Concurso de Postais de Nadal organizado polo Concello de Ribadumia e nas que se recollen as condicións para a participación no mesmo.

Establécese as características a presentar; prazo de presentación dos traballos (ata o 25 de novembro); que estableceránse as categorías de: Infantil; 1º, 2º e 3º de ciclo de primaria; e E. S.O, debéndose presentar un só traballo por alumno versarán sobre os temas de "solidariedade" e "Nadal".

A cada un dos finalistas de cada unha das categorías premiarase cun agasallo que entregarse o día 5 de xaneiro, ó remate da Cabalgata de Reis.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

A Xunta de Goberno Local acorda prestarlle aprobación ás devanditas bases do Concurso de Postais de Nadal.

*Bases do XIII Concurso de Postais de Nadal convocado polo Concello de Ribadumia*

*O Concello de Ribadumia convoca o Concurso de Postais de Nadal 2015, segundo as seguintes bases:*

*1.- Poderán participar no concurso de postais de Nadal tódolos alumnos das Escolas de Educación Infantil, Primaria e Ensinanza Secundaria Obrigatoria (E.S.O.)*

*2.- Cada alumno presentará un único traballo e participará na categoría que lle corresponda segundo a etapa de estudos que estea a realizar:  
- Infantil, 1º, 2º e 3º ciclo de primaria, e E.S.O.*

*3.- Os traballos realizaránse en tamaño de medio folio (tamaño cuartilla)*

*4.- Os devanditos traballos deberán facer alusión ao Nadal e a exaltación de valores como a solidariedade, a paz, a amizade, a familia, etc...*

*5.- As postais levarán na parte frontal unha palabra ou texto breve relacionado cos valores antes mencionados e no reverso os correspondentes datos persoais (nome, enderezo, teléfono, idade e curso escolar que estea a realizar)*

*6.- Os traballos presentados a concurso deberán ser orixinais e non ter participado noutros concursos.*

*7.- O prazo de presentación dos traballo finaliza o vindeiro día 25 **de novembro de 2016**, ás 13:00 horas*

*8.- En cada centro escolar haberá unha urna para cada un dos distintos ciclos educativos, onde depositaránse os traballos.*

*Finalizado o prazo de presentación persoal do Concello pasará a recoller as mesmas.*

*9.- As bases do presente concurso exporáñse ó público no Auditorio Municipal de Santa Baia de Ribadumia, nos Centros Educativos e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribadumia.*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*10.- Constituiráse un xurado encargado da valoración das postais e elexir as gañadoras e estará integrado por:*

- 2 pais de cada parroquia elexidos mediante sorteo*
- 3 traballadores municipais (Educador familiar, persoal colaborador do departamento de cultura e do departamento de comunicación)*

*11.- A cada un dos finalistas de cada unha das categorías premiaráselles cun agasallo que entregaráse o día 5 de xaneiro ó remate da Cabalgata de Reis.*

*12. Os traballos presentados a concurso en cada unha das categorías pasarán a ser propiedade do Concello de Ribadumia*

## **9.2.- ORGANIZACIÓN POLO CONCELLO DE RIBADUMIA DE "CURSOS DE INFORMÁTICA".**

Dáse conta de que estase previsto levar a cabo a organización de cursos de informática dirixidos a:

- Nenos a partir de 6 anos;
- Adultos.

Indícase que os cursos impartiríanse dende o mes de xaneiro e rematarán no mes de xuño do ano 2017, para os nenos e adultos respectivamente; terán unha duración de 1,5 horas semanais para os nenos e 2 horas semanais para os adultos, e co fin de garantir a asistencia e en base á Ordenanza Xenérica de Prezos aprobada polo Pleno Municipal, sinaláse a conveniencia de establecer un prezo por asistencia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Prestarlle aprobación á organización da devandita actividade; e 2º.- Establecer un prezo de 25 euros por alumno e curso pola asistencia ós cursos de informática organizados polo Concello.

## **10º.- APROBACIÓN 2ª FASE AXUDAS FESTAS PARROQUIAIS 2016.**

Dase conta de que reuniuse a Comisión Informativa co fin de informar a concesión de axudas para Festas Parroquiais solicitadas no segundo prazo de





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

presentación de solicitudes, informándose favorablemente a concesión das que se indican:

**Barrantes**

O Adro do igrexario	
Festividade San Andrés .....	292,40€
Festividade Santa Lucía .....	233,92€

**Besomaño**

Fernando Abal	
Festividade en honor a Sta María.....	350,88€

**Ribadumia**

Lola Canle	
Festividade en honor a Virxe do Dolores .....	233,32€
Dositeo Valiñas	
Festividade en honor a Sta Baia .....	350,88€

**Pontearnelas**

Victoria Roma	
Festividade en honor a Sta Marta .....	409,36€

**11º.- AXUDA ANPA DO CRA DE RIBADUMIA.-**

Dase conta de que pola ANPA do C.R.A. de Ribadumia tense presentado solicitude de revisión da axuda concedida a dita asociación ó considerar que non se tiña valorado todas as actividades realizadas.

Revisada a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda incrementar en 213,75 euros a axuda concedida a dita entidade, resultando ser a axuda final que lle corresponde á mesma dun importe de 1.431,52 euros.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## **12º.- PAGOS E FACTURAS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda prestarlle aprobación ós seguintes pagos e facturas:

<i>ARQUIUR- Redacción documentación complet. proxecto edificio anexo pavillón Ribadumia</i>	<i>7.018,00</i>
<i>Hermex Ibérica.- Equipamento escola infantil</i>	<i>10.698,88</i>
<i>Hermex Ibérica.- Equipamento escola infantil</i>	<i>2.824,95</i>
<i>Despertando- Metralla.- Mellora infraestructuras escola infantil</i>	<i>11.795,60</i>
<i>Imatia Innovation SL.- Mantemento aplicación Cívidas 05/16 a 10/16</i>	<i>762,30</i>
<i>Mancomunidade do Salnés.- Consumo auga setembro</i>	<i>14.089,54</i>
<i>Mancomunidade do Salnés.- Consumo auga outubro</i>	<i>8.048,14</i>
<i>Soil Recovery SL.- Servizo camión reparto 03/10 a 04/10</i>	<i>630,47</i>
<i>Soil Recovery SL.- Servizo xestión punto limpo 01/10 a 31/10</i>	<i>1.282,14</i>
<i>Deeseceingeniiería.- Redacción memoria cemiterio Leiro</i>	<i>1.210,00</i>
<i>Gas natural SUR</i>	<i>1.074,08</i>
<i>Gas natural servizos</i>	<i>681,48</i>
<i>Gas natural servizos</i>	<i>1.045,05</i>
<i>Gas natural servizos</i>	<i>795,36</i>
<i>Gas natural servizos</i>	<i>607,66</i>
<i>Gas natural servizos</i>	<i>2.337,04</i>
<i>Gas natural servizos</i>	<i>2.906,50</i>
<i>Gas natural servizos</i>	<i>1.265,38</i>
<i>Gas natural servizos</i>	<i>674,15</i>
<i>Gas natural servizos</i>	<i>1.763,65</i>
<i>Sogama.- Tratamento residuos urbanos outubro</i>	<i>11.839,94</i>
<i>Espina y Delfín SL.- Saneamento 1º trimestre 2016</i>	<i>2.370,51</i>
<i>Librería Barrantes SL.- Adquisición libros biblioteca</i>	<i>1.300,82</i>
<i>Juan Luís Agís Cores.- Reforma interior antiga casa consistorial Ribadumia</i>	<i>20.250,46</i>
<i>Plagal.- Tratamento preventivo legionela varios locais</i>	<i>968,00</i>
<i>AFYT.- Asesoramento e tramitación laboral outubro</i>	<i>615,89</i>
<i>Santiagoño maquinaria.- Tixeira xardineria cabezal medio e outros complementos</i>	<i>2.000,01</i>
<i>Talleres A Lagoa.- Reparación vehículo 0778FMB</i>	<i>763,03</i>
<i>Jesús Diéguez.- Honorarios asesoramento urbanismo - outubro</i>	<i>2.650,00</i>
<i>Área comercial Pintos.- Material obra Club Náutico</i>	<i>637,11</i>
<i>SPL.- Gasóleo tipo A depósito almacén</i>	<i>2.841,00</i>
<i>SPL.- Gasóleo tipo C para calefacción varios locais</i>	<i>2.795,05</i>
<i>Sava servizos deportivos.- Revisión cintas, colocar rodillos e motor cinta ximnasio</i>	<i>678,23</i>
<i>David Villar Rodríguez carpintería.- Reparación chapas e repintado</i>	<i>1.203,95</i>



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

<i>parques infantís</i>	
<i>David Villar Rodríguez carpintería.- Reparación espaldeiras pavillón Barrantes</i>	816,99
<i>Mobiliario a tu medida.- Muebles comedor escolar edificio ximnasio</i>	2.631,04
<i>ABS informática SL.- Revisión e peche contable 2015</i>	1.016,40
<i>Achega.- Servizo SAF dependencia outubro</i>	10.220,92
<i>Achega.- Servizo SAF libre concorrencia outubro</i>	1.692,67
<i>R.- Facturación telefonía fixa outubro</i>	1.048,12
<i>Tecnatur.- Análisis auga instalacións deportivas</i>	1.057,54
<i>Mr. Misto Films SL.- Programación cine verán</i>	1.196,00
<i>Gareza Inox SLU.- Reposición vidros e chapas inox 10 marquesiñas</i>	3.900,00
<i>Gareza Inox SLU.- Reposición vidros marquesiñas</i>	653,40
<i>Querubines.- Servizos xestión gardería novembro 2016</i>	11.225,82
<i>ANPA CPI- Catering mes outubro</i>	1.228,00
<i>Asoc. Pro escola musica .- Setembro 2016</i>	950,00
<i>Asoc. Pro escola musica .- Outubro 2016</i>	950,00
<i>Mancomunidade Salnés.- Liquidación de gastos segundo cuatrimeste</i>	12.885,43
<i>AC Os Carballiños.- Mostra de teatro afecionado auditorio- novembro</i>	600,00
<i>Deeseceingenería.- Redacción memoria ceminterio Leiro</i>	1.210,00

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as catorce horas e cuarenta e cinco minutos, de todo o cal, eu, como Secretaria, dou fe.-